

### **Campaña: *Proba en galego***

Ante a perda de usos da lingua galega no ámbito urbano o Concello de Pontevedra a través da Concellaría de Normalización Lingüística vai desenvolver unha campaña de dinamización lingüística sobre o sector comercio do concello.

Os obxectivos principais desta iniciativa son:

- reforzar o uso do galego nas relacións comerciais que xa se establecen nesta lingua, como marca de identidade, calidade e proximidade coa clientela
- animar aos comerciantes que non usan o galego a incluír esta lingua na súa comunicación empresarial como un modo de reforzar o seu carácter e de achegarse á clientela
- ofrecer material actualizado para facilitar as xestións comerciais
- atender as pautas que recolle a Xunta de Galicia no *Plan xeral de normalización da lingua galega*<sup>1</sup> para o ámbito do comercio (sector 4. economía)

As actividades que se integran nesta primeira fase da campaña son:

- Reparto de material informativo e publicitario: carteis coa imaxe da campaña, calendario con caderno de notas, mandís, caramelos, e etiquetas adhesivas
- Curso de optimización da comunicación para o comercio
- Material práctico e documentación para a xestión e a comunicación comercial

---

<sup>1</sup> O Plan xeral de normalización lingüística foi aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 22 de setembro de 2004. O Plan fai unha diagnose da situación da lingua na sociedade galega e determina, por sectores, obxectivos e medidas para a súa recuperación. O sector 4 está dedicado á economía, dentro del, recóllese unha análise precisa da área do comercio (páxinas 35-39)

## CONCELLO DE PONTEVEDRA

### **Campaña: *Proba en galego***

## **Curso de optimización da comunicación para o comercio**

### **Destinatarios:**

- Comercio e pequena e mediana empresa
- Persoas con responsabilidade na comunicación da empresa na que traballan
- Persoas que participan na comunicación empresarial

### **Obxectivos:**

- Ofrecerlle ao comercio un curso práctico, de utilidade máis alá da comunicación, para estes momentos de crise
- Achegar documentación práctica e actualizada para a xestión comercial
- Explorar as posibilidades da comunicación para facer máis competitivo o negocio
- Facilitar recursos para a xestión e a comunicación
- Rendibilizar as posibilidades que ofrece a lingua galega no comercio

Para isto, ofrecemos contidos de xestión e contidos informáticos, sempre coa lingua e a comunicación como pano de fondo.

### **Contidos:**

1 As novas tecnoloxías para a optimización da comunicación (4 horas)

- 1.1 Software para xestión comercial
- 1.2 Tramitación en liña da documentación comercial
- 1.3 Procesadores de textos
- 1.4 Correctores lingüísticos
- 1.5 Outros recursos informáticos

2 O modelo lingüístico para a comunicación empresarial (2 horas)

- 2.1 Criterios lingüísticos.
- 2.2 A produción da comunicación escrita

3. A importancia da comunicación no ámbito empresarial (2 horas)

- 3.1 A mala comunicación
- 3.2 Canles de comunicación

**Imparte:** Reverso Comunicación, Cultura e Lingua

**Días:** 25 e 28 de maio e 3 e 4 de xuño

**Horario:** de 20.45 h. a 22.45 h.

**Duración:** 8 horas, en catro sesións de cadansúas 2 horas

**Lugar:** Pazo da Cultura

**Requisitos** para a inscrición: coñecementos básicos de informática a nivel de usuario

**Inscricións:** ata o 19 de maio ou ata o remate das prazas ofertadas (30).

Lugar de inscrición:

Concello de Pontevedra, SNL, soto do Chalé Fontoira, Campo do Boi, núm, 2; tel. 986863157; fax: 986851800; [normalizacionlinguistica@concellopontevedra.es](mailto:normalizacionlinguistica@concellopontevedra.es)

## **CONCELLO DE PONTEVEDRA**

### **Campaña: *Proba en galego***

### **Curso de optimización da comunicación para o comercio Material complementario**

Para as persoas que asistan ao curso, temos preparado material complementario que se ofrecerá en soporte electrónico: USB ou CD. Os contidos estarán estruturados nos seguintes bloques:

- 1. Xestión
- 2. Lingua e comunicación
- 3. Lexislación do sector comercial
- 4. Documentación comercial

#### **Desenvolvemento de contidos**

##### **1. Xestión**

Este bloque incluíra información e aplicacións de xestión empresarial. Tratarase de software de xestión económico-financieira así como aplicativos para a realización de trámites administrativos propios das empresas, así como información documental sobre aspectos da súa xestión económica.

- Documentación sobre xestión económica e laboral
  - o Novo plan xeral de contabilidade
  - o Bancos
  - o Propiedade
  - o Contratos
  - o Estatuto dos traballadores
  - o etc.
- Datos estatísticos de interese para o comercio, con especial referencia ao pontevedrés (IGE, INE, Igape, Caixanova, etc.)
- Aplicativo sobre viabilidade económico-financieira de proxectos.
- Aplicativo para a posta ao día das empresas conforme á Lei de protección de datos LOPD.
- Aplicativo para acadar o Certificado Dixital.
- Información sobre a factura electrónica.
- Software de xestión de Código Libre. Xestionarase a través de Mancomun.org. Entregaráselles aos participantes, ademais da documentación no usb, o DVD *Software libre na PEME*.

##### **2. Lingua e comunicación**

Bloque que incluíra referencias a documentación práctica e de consulta sobre lingua e comunicación no contorno empresarial.

- Criterios de uso lingüístico para a comunicación empresarial
- Documentación sobre habilidades comunicativas e de atención ao público
- Normas ortográficas e morfolóxicas
- Manual de estilo.
- Dicionarios de carácter xeral en liña
- Recursos terminolóxicos propios da empresa
- Ferramentas informáticas: correctores, tradutores, etc.
- Toponimia: nomenclátor de Galicia

##### **3. Lexislación**

Lexislación lingüística de aplicación no ámbito do comercio

Lexislación propia do comercio.

- Lexislación internacional

## **CONCELLO DE PONTEVEDRA**

- o Declaración universal dos dereitos lingüísticos
- o Carta europea das linguas rexionais e minoritarias
- o Outras recomendacións da UE
- Lexislación xeral
  - o Constitución española
  - o Lei reguladora do dereito de petición
  - o Plan xeral de normalización lingüística
- Lexislación autonómica
  - o Estatuto de autonomía de Galiza
  - o Lei de normalización lingüística
- Normativa local
  - o Ordenanza de impulso do uso do galego no Concello de Pontevedra
  
- Lexislación do comercio
  - o Código de comercio.
  - o Lei do comercio interior de Galiza

### ***4. Documentación comercial***

Modelos de documentos máis utilizados no ámbito empresarial, con especial atención aos utilizados no sector do comercio.

- Modelos civís
- Modelos mercantís
- Modelos laborais
- Modelos de contabilidade e balance
- Modelos de facturación
- Modelos de declaración
- Impresos oficiais (Axencia Tributaria, TXSS, INEM)
- Ligazóns de interese